

FRANCISCO ASOREY

ASOREY—

DÍA DAS ARTES GALEGAS

1 ABRIL 2024



Caricatura A Nosa Terra, 30-11-1917

**CEIP Plurilingüe Manuel Murguía
Feáns-A Coruña**

**CEIP Ramón Otero Pedrayo
A Laracha [A Coruña]**

**CEIP Plurilingüe Bragade
Oza-Cesuras [A Coruña]**

**CEIP Emilia Pardo Bazán
A Coruña**

**CEIP Ramón de la Sagra
A Coruña**

**CEIP Salgado Torres
A Coruña**

**CEIP J. Fernández Latorre
A Coruña**

**CEIP Plurilingüe San Pedro de Visma
A Coruña**


O DÍA DAS ARTES GALEGAS

1. Completa o texto sobre a historia do Día das Artes Galegas usando as palabras e números que aparecen no recadro. Colorea o cartel do Día das Artes Galegas 2016.

1118	Academia	homenaxeado	dez
promover	Día	abril	1
figura	Galegas	Artes	Pórtico
historia	data		

O _____ das Artes _____ foi establecido pola Real _____ Galega de Belas _____ en 2015 para exaltar e _____ a creación galega. Escolleuse como _____ de celebración o _____ de _____, xa que esa data de _____ aparece na epígrafe dos linteis do _____ da Gloria.

A Academia Galega de Belas Artes escolle cada ano un _____ ou homenaxeada cuxa _____ se considere transcendental na _____ da arte galega e da que pasasen polo menos _____ anos do seu pasamento.



FRANCISCO ASOREY

Francisco Asorey, naceu o 4 de marzo de 1889 no lugar de Fefiñáns, en Cambados (Pontevedra).

Estudou no Colexio dos Salesianos, na localidade barcelonesa de Sarriá, foi profesor de Debuxo en Barakaldo (Biscaia) e viviu uns anos en Madrid onde comezou os seus primeiros traballos artísticos.

Aos 29 anos trasladouse a Santiago de Compostela onde traballou como escultor anatómico na Facultade de Medicina.



Francisco Asorey

Nesta cidade casou con Jesusa Ferreiro e montou un taller de escultura, a carón do convento de San Domingos de Bonaval, e de aí saíron as primeiras esculturas en madeira policromada: Picariña, Naiciña... e San Francisco, coa que acadou a Medalla da Exposición Nacional de Belas Artes de Madrid.

En 1930 trasladou o taller á rúa compostelá de Santa Clara e alí fai os grandes monumentos en granito: o do aviador Loriga, o do poeta Curros Enríquez, o do astrónomo Ramón Aller...

Asorey foi nomeado académico de honra da Real Academia Galega en 1957.

Faleceu o 2 de xullo de 1961 e foi soterrado no Panteón de Galegos Ilustres, en San Domingos de Bonaval, na cidade de Santiago de Compostela.

Francisco Asorey será homenaxeado no Día das Artes Galegas de 2024



Escultura de San Francisco, en madeira policromada.

QUE SABES DE ASOREY? _____

1. Arrodea os datos do lugar de nacemento de Francisco Asorey.


Lugar:	Fontao	Madarnás	Fefiñáns	Figaredo
Concello:	Cedeira	Cambados	Cartelle	Cervo
Provincia:	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra

2. Cal é a data de nacemento de Asorey?


Día: _____	Mes: _____	Ano: _____
-------------------	-------------------	-------------------

3. En que tres localidades viviu Francisco Asorey antes de instalarse en Santiago de Compostela? Completa.

<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	á
----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------



<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	k	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------



<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	d
----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------

4. Cal é o nome da súa muller?

5. Que premio acadou coa imaxe de San Francisco feita en madeira policromada? Arrodea.

Diploma Honorífico de esculturas en madeira

Medalla da Exposición Nacional de Belas Artes

Premio Artístico da Deputación de Pontevedra

6. Relaciona e colore a mesma cor cada escultura coa actividade da persoa representada.

Monumento a Loriga

Poesía

Monumento a Curros Enríquez

Astronomía

Monumento a Ramón M^a. Aller

Aviación

7. De que institución foi nomeado en 1957 Asorey como académico de honra? Completa.

R ○ ○ ○ ○

A ○ ○ ○ ○ ○ ○ ○ ○

G ○ ○ ○ ○ ○ ○



8. Cal era o seu traballo na Facultade de Medicina? Arrodea.

protésico dental


axudante forense

pediatra

escultor anatómico

conserxe

9. A que rúa trasladou o seu taller no ano 1930? Completa e colore.



10. Une cada pregunta coa súa resposta e colorea da mesma cor os recadros relacionados.

Onde naceu Francisco Asorey?

Jesusa Ferreiro

En que provincia está Barakaldo?

Madeira policromada

Cal é a data do seu nacemento?

Na Facultade de Medicina

Onde comezou os seus primeiros traballos?

No Panteón de Galegos Ilustres

Quen o nomeou académico de honra?

En Fefiñáns [Cambados]

Onde traballou como escultor anatómico?

Biscaia

Onde está soterrado Francisco Asorey?

4 de marzo de 1889

Cando trasladou o taller á rúa Santa Clara?

No ano 1930

De que material está feita «Picariña»?

A Real Academia Galega

Cal era o nome da súa muller?

Madrid

A OBRA DE ASOREY

Francisco Asorey foi considerado por moitos o maior innovador da escultura española de principios do século XX.

Foi un escultor absolutamente galego tanto pola súa preocupación polo popular, como polo seu interese pola tradición. Combinaba de maneira regular a temática relixiosa coa popular, acentuando os seus traballos mediante a policromía.


O artista trataba de sacar o maior partido expresivo do material no que traballaba, xa fose madeira, granito ou bronce.



Francisco Asorey

1. En que faceta artística destacou Asorey? Segue o código para descifralo.

T ⇒ ●	R ⇒ ⬠
A ⇒ □	L ⇒ ○
S ⇒ ▲	C ⇒ ■
E ⇒ ⬠	U ⇒ △



2. Pon **V**, se é verdadeiro e **F**, se é falso.

Asorey foi o innovador da escultura do século XX.

Os temas da súa escultura sempre eran relixiosos.

As súas esculturas nunca tiñan cor.

3. Nesta serie hai un material que non usaba Asorey. Arrodeáoo.


madeira

bronce

granito

aceiro

0 ENCRUCILLADO DE ASOREY



Horizontais

1. Título dunha das súas primeiras esculturas en madeira policromada.
2. Mes no que naceu Francisco Asorey
3. Localidade na que traballou como escultor anatómico na Facultade de Medicina: Santiago de...
4. O seu primeiro taller de escultura estaba a carón do convento de San Domingos de...
5. Nome do escultor galego nado en Fefiñáns e de apelido Asorey
6. Materia compacta e dura que está debaixo da casca das árbores coa que traballou Asorey nas súas primeiras esculturas
7. Rocha composta de cuarzo, feldespato e mica, lixeira, dura e compacta da que está feito o monumento a Curros Enríquez
8. Profesión de Francisco Asorey

SOLUCIÓNS: 1. PICARIÑA 2. MARZO 3. COMPOSTELA 4. BONAVAL
5. FRANCISCO 6. MADEIRA 7. GRANITO 8. ESCULTOR

A CARICATURA


Fai unha caricatura de Francisco Asorey usando como base algunha das súas fotos. Colorea.



FRANCISCO ASOREY

O LABIRINTO DE ASOREY _____


Que camiño ten que percorrer Asorey para chegar ao seu estudo de escultura na rúa compostelá de Santa Clara?



O CARTEL DAS ARTES GALEGAS ———



1. Deseña un cartel para o Día das Artes Galegas no que apareza a información do recadro. Ponlle o nome do teu colexio. Fai unha ilustración relacionada co tema e colorea.

DÍA DAS ARTES GALEGAS 1 DE ABRIL DE 2024
FRANCISCO ASOREY



O CREBACABEZAS

Asorey acadou en 1930 a Medalla da Exposición Nacional de Belas Artes cunha imaxe en madeira policromada de San Francisco. Recorta as pezas e monta a escultura.



A NAICIÑA

Naiciña, datada en 1922, é unha das primeiras esculturas en madeira policromada realizadas por Asorey no seu taller da rúa Caramoniña, a carón do convento de San Domingos de Bonaval, en Santiago de Compostela. Colorea este debuxo da escultura *Naiciña* e invéntalle outro título.



A OBRA DE ASOREY

1. Conta as letras do título de cada obra de Asorey e completa.

Monumento a San Francisco
Ofrenda a San Antón

Naiciña
Monumento a Curros



--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--



--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--




--	--	--	--	--	--	--	--



--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

O MARCAPÁXINAS

1. Colorea o marcapáxinas de Francisco Asorey. Recórtao e pega as dúas caras.



Francisco Asorey nado en Fefiñáns, Cambados, o 4 de marzo de 1889 foi un escultor galego, considerado un dos renovadores da arte galega, e por algúns críticos como unha das figuras máis relevantes da renovación da escultura española do século XX. Está soterrado en Santiago de Compostela, no Panteón de Galegos Ilustres.

